


# PALADOIRO

ANO III

Nº IV

ESTE AÑO LEMBRAMOS DE

FERMÍN BOUZA BREY



MAIO 1992

# VIDA Y OBRA DE FERMIN BOUZA

FERMIN BOUZA BREY

Fermin Bouza Brey naceu en Ponteareas ( Pontevedra) o 31 de Marzo de ano 1901.

Cursou estudos de filosofía, letras e dereito na Universidade Compostelana doctorándose en Madrid. Ingresou na carreira xudicial e foi Maxistrado en Santiago, Lérida, Pontevedra e no territorial de Oviedo. Sendo estudante en Santiago e con o motivo dunha visita a casa de Ortoño, onde vivía Rosalía de Castro. Concibiu con outros compañeiros a fundación do seminario de estudos galegos, nos que desenrolou unha intensa labor, continuada logo na sección de arqueoloxía e prehistoria do instituto Pai Sermento.

Sua principal actividade literaria propiamente dita a desenrola como poeta no Nao senlleira editorial Nós. Santiago de Compostela 1933.

Recolle nesta obra un número limitado de composicións máis selectas, a maior parte das cales habían sido publicadas, a partir do ano 1922, en Nós. Da gran importancia cos seus estudos bibliográficos sobre os autores galegos como Rosalía de Castro.


Este poeta morreu en Santiago de Compostela o 11 de Xunio de 1973.

Fermin Bouza Brey deixou constancia do seu esforzo investigador cerca de un millar de publicacións aparecidas, por espacio de algo mais de cincuenta anos, en diversas e destacadas revistas de España e do estranxeiro.

Seu prestixio científico internacional, avalado por múltiples consultas que na correspondencia mantida cos principios especialistas do mundo, acreditaronlle un dos mais fecundos escritores de Galicia contemporánea.

Os homenaxes (cadernos de estudos (1973 e 1974) e compostellanum (1972) que os seus amigos, colaboradores e discípulos dedicaronlle a sua morte boa proba dela.





Preescolar. 4 años.

# O RINCÓN DA POESÍA



4º

## O caracol

Caracol, caracoliño  
caracoliño bonitiño  
levas a tua casaño  
o lombiño.

Vas moi despacio  
e deixas un rastro  
para saber regresar  
cando teñas que voltar.

Francisco Novas

## A primavera

Na primavera,  
florecen as arbores.

Na primavera,  
despertan as flores.

Os campos están contentos,  
e alegres están montes.

Os páraos o amencer  
fai che a mañan bonita  
cos seus cantos  
e as suas cantigas.

Rubén Bastón

## A miña nai

A miña nai  
é moi cariñosa  
porque me dá cariño  
e non é orgullosa  
Eu a quero moito  
e con ela quero estar

para...

## Os bolboretos

Os bolboretos  
que bonitos son  
andam na primavera  
de flor en flor.

Son moi bonitos  
e de moitas cores.

Táinos verdes, vermellos  
azuis e amarelos.

Téñen dous anteninos  
que son moi pequeniños,  
para atopar as florinos.

Abel Gallego

## O meu barquiño de Papel

O meu barquiño de Papel  
moi bonito é  
e vai moi luxuriño  
cara o vento.

O meu barquiño  
moi pequeniño  
vai polas olas  
moi paxeniño.

Victor Otero Faranes


M<sup>te</sup> Olaya Juncal Nogueira.



# A GAITA GALEGA

A gaita é un instrumento musical de vento.

O gaiteiro sopra polo soprete, o aire enche o fol, o aire sae polo punteiro facendo soar dúas laminiñas, chamadas palletas, que son as que producen a música. Colgado do ombreiro do gaiteiro témo-lo ronco, un pau oco por dentro que produce un ron-ron; de aí lle vén o nome. Póñelle sempre uns adornos de fio chamados farrapos.



## Cantiga


De pau de luxo se fai,  
roncón, soprete e punteiro;  
o fol faise de contado  
coa pelica dun carneiro.

2º B

# Fermin Bouza Brey



Ponteareas: Fermin nasceu o ano 1901. Os pais de Fermin chamábanse Luis e Orenca. Orenca quixo que o seu fillo nacera en Ponteareas porque era a súa terra.



## Vilagarcía

Fermin viviu en Vilagarcía con seus pais. O pai de Fermin tiña unha droguería.




## Pontevedra

En Pontevedra Fermin estudou no Instituto.




## Santiago

Fermin quería ser xuec e foi a estudar a Universidade de Santiago.



## A Estrada

Na Estrada Fermin traballou de xuec e tamén escribiu un libro de poesías en galego que se chama "Nao Senlleira". Casa con Emilia. Ten tres fillas e dous fillos.



## Santiago

Cando tiña 50 anos marchou para Santiago e escribiu outro libro de poesías galegas que lle chamou "Setura". En 1973 morreu.

# FERMIN BOUZA-BREY (1901-1973)



## POETA

"Meu navío leva ao vento  
no mástro eterno da noite  
o treu do meu pensamento.  
Leda vai a nao  
na proa unha frol:  
a rosa albariña  
do meu corazón.  
(...)"

## ERUDITO

Os seus escritos son obra de amor...  
Do amor dun galego á súa terra e á  
súa raza...

# BIOGRAFIA DE FERMIN BOUZA-BREY

É un dos máis importantes poetas galegos modernos.  
Naceu o 31 de Marzo de 1901, na vila pontevedresa  
de Pontearreas.

Cursou estudos de Filosofía e Letras e de Dereito  
na Universidade compostelana, doctorándose en Madrid. In-  
gresou na carreira xudicial e foi maxistrado en Santiago,  
Lèrida, Pontevedra e na Territorial de Oviedo.

En 1923 concibeu a fundación de Seminario de Estudos  
Galegos.

Foi membro numerario da Real Academia Galega; corres-  
pondente a Real Academia da Historia; membro da sociedade  
Española de Antropoloxía e Etnografía; do Instituto In-  
ternacional de Antropoloxía de París; da Sociedade de  
Xeografía de Lisboa; da Asociación de Arqueólogos Portu-  
gueses; da Sociedade "Martins Sarmiento" de Guimarães; do  
Instituto de Coimbra; do Instituto Histórico de Minho;  
da Sociedade de Folklore de Brasil; Instituto Arqueolo-  
xico Alemán; da Academia Portuguesa de Lingua, etc. E ta-  
men foi un dos fundadores de "Seminario de Estudos Gale-  
gos".

A súa principal actividade literaria desenvóllea  
en Nao Senlleira, que visto dende o punto de vista formal  
é un libro perfecto, que consta de 20 poemas.

Despois da guerra civil española publicou o seu  
segundo libro de versos, Seitura, con unha ortografía a-  
decuada aos lectores portugueses.

Na colección "Ler" podemos ler o seu breve relato  
Cabalgadas en Salnes.

É tamén autor dunha edición crítica dos Cantares  
Galegos de Rosalía de Castro

Bouza pode ser considerado como xefe da poesía neo-  
trovadoresca; escasas e tímidas aproximacións á técnica  
e o espírito dos Cancioneiros medievais galego-portugueses

A poesía deste autor caracterízase, ademais do rico  
e selecto do seu vocabulario, pola atención que presta  
á eufonía das palabras e dos versos. Rara vez apartase  
da regularidade métrica

É o 11 de Xunio de 1973 este gran poeta e erudito  
morre en Santiago de Compostela.

Susana Bastos  
Ameira

# DIS QUE...

Din que un rapaz da Torre foi a mili e librou por ter as pernas tortas por andar en moto.

Dí o Agustín que Pablo está a altear. ;; Outra Vez !!

Parece que os de 8º do colexio vanse de excursión a Barcelona. Segúndín, os barceloneses están todos a pedir permiso no traballo pra estar fora esa semana.

Noticias chegadas de Cataluña din que o Parlamento catalán está debatindo unha proposta para declarar a derradeira semana de Maio como situación de emerxencia nacional e que xa están a pedir as axudas correspondentes a zona catastrófica.

Dis que os alumnos de 7º están na UVI do Hospital Provincial por sobredosis de Matemáticas.

As noites pasadas viñeron homes montados en cabalos brancos e puxéronse a dar voltas a igrexa. A xente morría co medo.

O outro día un rapaz de 7º foi matalado porco e tivo que sair correndo porque o porco quería matalo a él.

Os alumnos de 7º non están nada contentos. Dis que van ir de excursión a Manzaneda, pero que os pais tamén poden ir.

Pobre Cataluña, agora din que 15 rapaces máis do Colexio de Ceta van ir de excursión nunha viaxe pertencente as Escolas Viaxeiras organizadas pola Xunta.

Dis que din que este ano hai un montón de rapaces de oitavo que andan a fumar como carreteiros agochados polos camiños.

O outro venres veu un señor a darnos unha charla sobre España 92, e a pouco máis durmimonos todos no pavillón.

Novas de última hora din que o Colexio mercou unha furgoneta pequena para levar ós rapaces a participar no deporte escolar.



# A

# REFORMA

# en

# Galicia?

*Orde do 6 de maio de 1992 pola que se establece o calendario de axuste dos centros educativos de niveis non universitarios ás ratios fixadas na Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.*

O Real decreto 986/1992, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establece no artigo 17, apartados 1 e 2, a ratio máxima alumnos/aula para os centros sostidos con fondos públicos a partir do ano académico 1992/93.

No apartado 3 do devandito artigo sinala que as administracións educativas poderán adapta-los prazos citados, en función da súa propia planificación e dentro do ámbito temporal de dez anos establecido pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.

De acordo co anterior, e a fin de garanti-la posibilidade de que o alumnado poida continua-los seus estudos no centro no que os iniciou, á vez que se asegura o axuste dos centros á ratio establecida na lei nos prazos sinalados nela, esta consellería,

### DISPÓN:

Artigo único.—Os centros educativos de niveis non universitarios dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia axustaranse ás ratios que se sinalan no anexo da presente orde e nos períodos que se indican nel, sen prexuízo da diminución de ratios derivadas da escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais nos centros acollidos ó plan de integración.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Ó remata-la implantación do segundo ciclo de educación infantil revisaranse as ratios máximas fixadas na presente orde para o devandito ciclo.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Nos cursos académicos 1992/93 e 1993/94 manterase en 1º de primaria o número de alumnos de 5 anos escolarizados en educación infantil. No caso de que o devandito número sexa inferior a 30 poderase completar ata un máximo de 30.

Nos cursos 1996/97, 1997/98 e 1998/99 manterase en secundaria obrigatoria o número de alumnos que estivesen escolarizados en educación primaria nos niveis correspondentes, no suposto de que superen a ratio máxima establecida no anexo da presente orde.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 1992.

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO RATIOS MÁXIMAS

#### CURSO ACADÉMICO 1992/93

Unidades que escolarizan alumnos de 3 anos: 25 alumnos.

Unidades que escolarizan alumnos de 4 anos: 25 alumnos.

Unidades que escolarizan alumnos de 5 anos: 30 alumnos.

Unidades que escolarizan alumnos de 3 anos con nenos doutros niveis: 20 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1993/94

Unidades que escolarizan alumnos de 3 anos: 25 alumnos.

Unidades que escolarizan alumnos de 4 anos: 25 alumnos.

Unidades que escolarizan alumnos de 5 anos: 25 alumnos.

Unidades que escolarizan alumnos de 3 anos con nenos doutros niveis: 20 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1994/95

1º de primaria: 25 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1995/96

2º de primaria: 25 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1996/97

3º de primaria: 25 alumnos.

1º de secundaria obrigatoria: 30 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1997/98

4º de primaria: 25 alumnos.

2º de secundaria obrigatoria: 30 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1998/99

5º de primaria: 25 alumnos.


3º de secundaria obrigatoria: 30 alumnos.

#### A PARTIR DO CURSO ACADÉMICO 1999/2000

6º de primaria: 25 alumnos.


4º de secundaria obrigatoria: 30 alumnos.

PLANO DA NOSSA CELA



# INDICE

- Carretera General.
- Praias.
- + Pontas.
- ∨ Cabezón e Isla.
- ✕ Lugares onde se pode beber.
- Monte
- ! Lugares de Cella
- Hotel
- ▲ Parrillada
- Iglesia
- ▣ Serradero
- \* Lugares de deporte



SOFIA FAZANES 7/A

# EN CELA VISITE :

## MONUMENTOS

- Igrexa de Cella → de orixen románica
- Horreos → de anos moi antigos, alópanse pola carretera da igrexa
- Cruceiros → alópanse en camiños e carreteras, din os ben que marcaban o camiño a igrexa
- Muínos → Moi antigos, alópanse pola carretera da igrexa
- Lago de San Lourenzo → din os benos que alí había un capela e que agora o lago botá auga vendida.

## PRAIAS

- Agredo → con grandes hoteles
- Lapamañ → con grandes olas e bonitas rochas
- Corvelo → co as covas
- Corviña → praia pequena pero bonita
- Porto Mayor → praia con bo sitio para camping e pouca rochosa.

## BARES MAIS VISITADOS

- Chiringuito de Ramón → O lado da praia de Agredo
- Hotel Praia Agredo → Grandes luxos de 5 estrelas
- Hostal O Rincón de Cella → con moitos luxos.
- Bar Muíño Bello → con moita clientela.

## FESTAS

- As festas de Cella son en Agosto son case todas seguidas e celebranse o lado da Igrexa → Patrona, San Roque, Mostos,

## VINOS

- En Cella hai moitos viños, todo-os homes veñe a beber viño a Cella.

Boa venta hai en Cella  
pero mellor viño alóparás nela

Traballo realizado por  
Chano Carballo  
Calvo-devila 7<sup>2</sup>A

1 FISICO



2 FISICO

- PUNTAS
- ~ RIOS
- MONTES
- ~ PRAIAS
- ▨ ZONA DE CULTIVO
- CABEZON DA RIA

2 POLITICO




2 POLITICO

- GRANXA DE COELLOS
- NACIONAL 550
- ◆ FONTES
- CARRETEIRAS
- ▼ BARES
- ✦ HOTELES, RESTAURANTES
- ▼ TENDAS
- CCC PELUQUERIAS
- BUZON DE CORREOS
- ◻ ZONAS HABITADAS
- ANTIGA OFICINA DE CORREOS

MARTIN B.  
FITO

PRINCIPAIS CULTIVOS  
2ª FOLHA Nº 1  
GALICIA  
Direiche que son a cor  
que máis abunda nos prados,  
as froitas como perdendo  
cando van madurando.

 (apuro)




Ten dentes e non ten boca,  
ten caxosa e non ten pés,  
van a feira nunha restra  
e condimenta moi ben.



(albe)



Enriba tea,  
tea de baixo:  
metido nela  
ben que descando.

 (ruvo)




Unha casa branca  
nin pou nin palanca.




(oso)

Noce ne campo  
ten longas barbas,  
penden no alto e  
verde coaca.

 (negru)



Adiviña, adiviña,  
esta ave ten deus os  
e se unha barriquiña.

 (amo)



Porquina de tal feito  
non a foi un corpitairo,  
aliméntase o esquic  
de mancar que leva dentro.




(ru. v)



Tan longo coma un camino  
e cabe nun corolito.




 (of. o)

# ADIVIÑAS

## 5ª

¿Que cousa será  
que tanto máis seca  
máis mollada está?

 (a folla) v)



Abnda de burato en burato  
coas tripas de carastro.



(o agribo) v)



¿Que cousina é,  
que tanto máis lle quitam,  
máis grande é?

(o burato) v)



Adma non teno  
río con ganas  
cando as palmeiras  
están sen graxa.

(o mar) v)

Longo coma un camiño  
e torto coma un faveiro.

(o río) v)



Perna fina como galina  
goberna a casa como rainha.



(a pata) v)



No medio do ceo estou,  
ando no vento e na terra,  
non son lúa nin estrela  
nin pasareo voador.

(o vento) v)




Podesme aller no ceo,  
podesme aller no mar,  
na bandeira de Galicia,  
tamén me podes aller.




(o vento) v)

# Os PRINCIPAIS CULTIVOS

Mar Cantábrico

## DE GALICIA



-  MILLO
-  VIDE
-  PATATA

Portugal

# GALICIA 5° 13'

Estefanía, Padín García, N.º 1

# O

# XIGANTE

# BEBELÓN



Un día destes, chegou a nosa terra un xigante, e de súpeto, púsoxe a beber-la auga da nosa praia. Tiña a cabeira coma unha bola e estaba gordo coma unha vaca, pero o que mais nos asombraba era que tiña as man de metro.

O seu carón había unha nécora e un mexillón. A nécora díxolle: ¿por qué non vas beber outra parte?

O xigante contestoulle: ¡diso nada, veño de moi lonxe e non peuxo parar

de beber, ¡teño moita sede!

A nécora díxolle: entón vou nosos.


chamar os demais compañeiros

O mexillón gritou: ¡témolo que levar da nosa praia!

Unha anxeixa falou de levarlo a ría de Betanzos. ¡É verdade! Alí hai auga de abondo, contestoulle un croque.

-¿Por qué non lle damos chocolate?- dixo un nero, que escoitaba.

¡Que boa idea! O xigante papaba nel, que era unha maravilla. E unha estrela de mar dixo: -levareémolo a febría de Chocolate de Suíza. E así o fixeron e xa non molestou mais a ningún



elso Novas Toutos 5º B

# DEPORTES

NA

# ESCOLA

## CAMPO A TRAVES:

Participouse cos seguintes equipos:

ALEVIN FEMENINO: 13 atletas

INFANTIL FEMENINO: 10 atletas

ALEVIN MASCULINO: 11 atletas

INFANTIL MASCULINO: 10 atletas

CADETE MASCULINO: 8 atletas



## ATLETISMO:

Participaron nas tres probas clasificatorias: Darbo, Cangas e Darbo, clasificandose para o Campeonato Provincial 5 atletas: Estefanía Padín García (ALEVIN), Raquel Caballero Masenlle, Julia Riobó González (INFANTIL), Enrique Cerqueiro Cabanelas e Carlos Fernández Resille (CADETE). Estes 5 atletas competiron no Provincial con todo-los clasificados da provincia de Pontevedra en Castrelos (VIGO). Fora dos Campeonatos Escolares participouse no cross de Beiuso e no de Aldán.

Tivemos 4 equipos: 2 alevins e 2 infantis, na fase zonal en Cangas e duas probas en Balaidos (VIGO). A pesar de ser o primeiro ano que se participaba acadaronse bos resultados:

Marta Franco, segunda en lanzamento de peso, Vicente Novo segundo clasificado en lanzamento de Xabalina e Gonzalo Gomez terceiro en 80 m. lisos.

## FUTBOL SA

Participouse cun equipo alevín e un infantil.

O equipo alevín xugou 6 partidos gañando dous, empatando dous e perdendo dous.

O equipo infantil xugou tres partidos, gañaron dous e perderon un.

## BALONMAN:


Participamos cos seguintes equipos:

ALEVIN FEMENINO: 12 alumnos      INFANTIL FEMENINO: 15 alumnos

ALEVIN MASCULINO: 9 alumnos      INFANTIL MASCULINO: 20 alumnos

Ya remataron o campionato oficial, pero os colexios de BUEU seguiremos facendo partidos para o aprendizaxe dos alumnos.

Os resultados foron os seguintes:



ALEVIN FEMENINO: 3 xogados-2 ganados-1 perdido-clasificación 29.

INFANTIL FEMENINO: 3 xogados-0 ganados-3 perdidos-clasificación 39.

ALEVIN MASCULINO: 3 xogados-1 ganados-2 perdidos-clasificación 39.

INFANTIL MASCULINO: 4 xogados-0 ganados-4 perdidos-clasificación 59.

## XADREZ:

Participamos cun total de 24 alumnos repartidos en dous equipos alevíns e dous infantís.



Estes equipos, clasificáronse en 59 e 69 lugar os alevíns. Individualmente levou medalla de bronce ó clasificarse en terceiro lugar con 3 vitorias en 6 partidas. RAFAEL FREIRE

## BALONCESTO:

Este ano non se puido participar por non ver canastas para xugar, a desares de estar prometidas polo Concello dende fai dous cursos.

## FUTBOL SA:

Fíxose un campionato que durou dous meses no que participaron todos os alumnos do colexo agrupados por categorías de idades.

Agustín Rey, Martín López, Gerardo Pena e Iván Martínez